



A



EIRUGA

LAMBETEIRA

Á LUZ DO SERÁN
UN OVO PEQUERRECHO
FACÍA O FOLGAZÁN.

UN DOMINGO NA MAÑANCIÑA
CANDO O SOL QUERÍA QUENTAR
PLOFI!.....DO OVO SAÍU UNHA EIRUGA
LAMBETEIRA E PEQUENIÑA.

ESFAMEADA BOTOUSE A ANDAR
BUSCANDO ALGO PARA XANTAR.



O LUNS ROEU UN LIMÓN
QUE LLE SOUBO A BOMBÓN.
NON QUEDOU AGASALLADA,
E PROCUROU OUTRA TALLADA.



O MARTES ROEU DÚAS PERAS
GRANDES E MOI FEAS
PERO ISO FOI COMA NADA
QUEDOU ESFAMEADA.



O MÉRCORES ROEU TRES MAZÁS
AMARELAS E BRILLANTES
PERO ISO FOI COMA NADA
QUEDOU ESFAMEADA.



O XOVES ROEU CATRO LARANXAS
SEMELLABAN CATRO XIGANTES
NON LLE CHEGARON A NADA
QUEDOU MOI ESFAMEADA.




O VENRES ROEU CINCO PLÁTANOS
AMARELOS E ALONGADOS
PERO FOI COMA SE NADA
QUEDOU ESFAMEADA.



O SÁBADO ROEU DE TODO:
MELÓN, PIÑA, TARTA, AGUACATE,
COGOMBRO, CAMELO, CEREIXA,
FRAMBOESA, AMEIXA E SANDÍA

POLA NOITE.....
¡COMO LLE DOE A BARRIGA!



O DOMINGO PAPOU UNHA FOLLA DE MOREIRA
IXA NON LLE DOE NADA A BARRIGA!




AGORA XA ESTÁ FARTA
XA NON É PEQUERRECHA
É UNHA FERMOSE EIRUGA
ESVELTA E GORDECHA



TECE AO REDOR UN CASULO
QUE A TAPOU DO FRÍO
ERA UN DOCE ABRIGO.

METEUSE ALÍ DÚAS SEMANAS
SEN AMOSAR O PETEIRO
LOGO FUROU O CASULO
SAÍNDÓ TODO DEREITO





MIROUSE NO RÍO
ERA ELA MOI COQUETA
AGORA NON SE COÑECÍA
ERA UNHA PRECIOSA BOLBORETA.

A eiruga lambeteira